Se prohibe cualquier uso no incluido en el apartado correspondiente de las presentes ordenanzas.

ART. 56.- RUIDOS.

Se ajustará a lo establecido en la ordenanza municipal de medio ambiente y contaminación acústica.

ART. 64.- EQUIPAMIENTO SOCIAL Y COMERCIAL.

Condiciones de la edificación:

- Retranqueos (de acuerdo con el plano correspondiente):

  - Al frente de la calle 10 m.

  - En un lateral 10 m.

- Ocupación máxima de la zona: 65 por ciento.

Condiciones de volumen:

- Aprovechamiento: El índice de piso máximo será de 2,60 m.$^2$/m.$^2$.

- Altura máxima: 12 metros.

Condiciones de uso:

El uso comercial corresponde a edificios o locales destinados a la compraventa al por menor de artículos, así como las construcciones complementarias para almacenamiento de dichos artículos.

El uso social alcanza a los locales destinados al público, para la vida de sociedad, tales como restaurantes, bares, servicios públicos, administrativos, culturales, de policía, etc.

Además de estos usos admiten también los siguientes:

Hotelero, reunión, de oficinas y de todos aquellos que se estimen convenientes o apropiados para el mejor funcionamiento del sector.

El uso social es el único que engloba el uso hotelero como independiente de cualquier otro.

Se preveerá el dejar una plaza de aparcamiento por cada 80 m.$^2$ de edificación.

ART. 65.- ZONA INDUSTRIAL, COMERCIAL Y COMPATIBLES.

Condiciones de la edificación:

Parcelas tipo A:

- Retranqueos mínimos: De acuerdo con el art. 48 de las presentes ordenanzas, y con el plano de retranqueos correspondiente.

- Ocupación máxima sobre parcela: 85%.

- Edificabilidad: 1,70 m.$^2$/m.$^2$.

- Altura máxima: 12,00 m.

En las parcelas tipo A, cuando la ocupación en las mismas sea más restrictiva que los retranqueos, con una diferencia igual o menor a 12 m.$^2$, no será de aplicación el parámetro de "ocupación máxima de parcela" y ésta vendrá determinada únicamente por los retranqueos establecidos en el art. 48 de las presentes ordenanzas, y de acuerdo con el plano de retranqueos.

Parcelas tipo B:

- Retranqueos mínimos:

De acuerdo con el art. 48 de las presentes ordenanzas, y con el plano de retranqueos correspondiente.

- Ocupación máxima sobre parcela: 75%.

- Edificabilidad: 1,50 m.$^2$/m.$^2$.

- Altura máxima: 12,00 m.

Parcelas tipo C:

- Retranqueos mínimos:

De acuerdo con el art. 48 de las presentes ordenanzas, y con el plano de retranqueos correspondiente.

- Ocupación máxima sobre parcela: 65%.

- Edificabilidad: 1,30 m.$^2$/m.$^2$.

- Altura máxima: 12,00 m.

ART. 66.- ZONA DE SERVICIOS.

El uso principal de estas parcelas será el de empresas de servicios, destinando únicamente a este fin las números 1, 15, 16, 17, 18, 19 y 20 (en esta modificación parcelas n.° 15, 16.1, 16.2, 16.3, 17.1, 18.1, 18.2, 19.1, 19.2 y 20) de la manzana G.

En lo relativo a las condiciones de uso estas parcelas se regirán por lo establecido en la ordenanza 13 del plan general de ordenación urbana de Lugo.

Lugo, 10 de setembro do 2001.- V. e Pr. O Alcalde, P.D. O Tenente-Alcalde Delegado da Area (Decreto Alcaldía n.º 60/1999), José Ramón Gómez Besteiro.- A Vicesecretaria, M.ª Eva Martín Minguela.

R. 312740000004654

---

MEIRA

*Edicto*

*Corrección de erros*

Advertido erro na publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 209, de data 11 de setembro do 2001, relativo á ordenanza reguladora: Taxa por licencias urbanísticas, publícase novamente dito edicto, quedando sen efecto o publicado o día 11 de setembro do 2001, sendo válido este último.

Habéndose elevado a definitivo, por non se haber presentado reclamacións durante o período de exposición ó público e dispoñelo así, o acordo de aprobación provisional, adoptado polo Pleno deste Concello, na sesión ordinaria celebrada con data 29 de maio do 2001, de APROBACION INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANISTICAS; a medio do presente edicto publícase dito acordo e o texto íntegro da ordenanza en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 17.4 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

2.º.- Aprobación inicial da ordenanza reguladora da taxa por licencias urbanísticas.

Vista a ordenanza reguladora da taxa por licencia urbanísticas.

Concedida a palabra ó voceiro do grupo político do BNG, este manifestou que esta ordenanza non vai favorecer a ningún veciño, xa que vai encarece-las licencias de obras, como consecuencia disto os pisos, etc. A cota tributaria para as obras menores considéraa excesiva, e vai votar en contra xa que na ordenanza se recolle como cota tributaria o 1%.

Por parte do Sr. Alcalde, contéstaselle que a cota tributaria será do 1% para as obras maiores, e no que se refire ás obras menores fixarase na ordenanza unha cota máxima de 12.400 pesetas.

Concedida a palabra ó voceiro do grupo político do ICS, este manifestou que o seu grupo votará a favor unha vez feita a corrección proposta polo Sr. Alcalde, é dicir 1% para as obras maiores e unha cota máxima para as menores de 12.400 pesetas.

Considerándose suficientemente debatido este asunto, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, co seguinte resultado:

A Corporación, por maioría absoluta, por 8 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo político do PP, e o dos 3 concelleiros do grupo político ICS, votando en contra o concelleiro do grupo político do BNG,

ACORDOU:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora da taxa por licencias urbanísticas.

Segundo: Sometela a información pública polo prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios, ó obxecto de que se poidan formula-las alegacións ou reclamacións oportunas, e para o caso de que non se produzan reclamacións contra a aprobación provisional, elevarase automaticamente a definitiva, quedando por conseguinte aprobada definitivamente.

ORDENANZA REGULADORA: TAXA POR LICENCIAS URBANISTICAS

Artigo 1.º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por licencias urbanísticas" que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.º.- Feito impoñible.

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 168 da Lei 1/97, de 24 de marzo, do Solo de Galicia e art. 10 do Decreto 28/99, de 21 de xaneiro, do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, e que se realicen no término municipal, axústanse ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei de Solo e no Plan Xeral de Ordenación Urbana deste Concello.

Artigo 3.º.- Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades locais que presten ou realice o Concello, sexan propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construccións ou instalacións ou se executen as obras.

Artigo 4.º.- Substituto do contribuínte.

Terán a condición de substituto do contribuínte as constructoras e os contratistas de obras.

Artigo 5.º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 6.º.- Base impoñible.

1.- Constitúe a base impoñible da taxa:

a) O custo real e efectivo da construcción, instalación e obra, cando se trata de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estructuras o aspecto exterior ou interior das edificacións existentes.

b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.

c) O valor que teñan sinalados os terreos e construccións a efectos do imposto sobre bens inmobles, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construccións.

d) O custo real e efectivo dos carteis de propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.

2.- O custo real e efectivo a que se refire nas letras a), b) e d), deste artigo, non se terá en conta, en ningún caso o Imposto sobre o Valor Engadido, e demais impostos análogos propios de réximens expeciais, nin as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas con ditas construccións, intalacións e obras.

Artigo 7.º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria resultará de aplicar á base impoñible os seguintes tipos de gravame:

a) 1 por cento en tódalas obras mayores.

b) Máximo de 12.450.- ptas para obras menores.

c) No caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licencia, as cotas a liquidar serán o 1 por cento das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciara efectivamente.

Artigo 8.°- Exencións e bonificacións.

Non se concederán exencións nin bonificación ningunha na exacción da taxa.

Artigo 9.°- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obte-la oportuna licencia, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición se non foran autorizables.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo ningún pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licencia.

Artigo 10.º.- Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de obra presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e lugar de emprazamento, na que se faga consta-lo importe estimado da obra, medicións e o destino do edificio.

2. Cando se trate de licencia para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación de proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto das obras a realizar, cunha descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto que permita comproba-lo custo daqueles.

3. Se despois de formulada a solicitude de licencia se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 11.º.- Liquidación e ingreso.

1. Cando se trate das obras e actos a que se refire o artigo 5.º 1.a), b) e d).

a) Unha vez concedida a licencia urbanística, practicarase liquidación provisional sobre a base declarada polo solicitante.

b) A Administración municipal poderá comproba-lo custo real e efectivo unha vez concedida a licencia, sobre a base impoñible que lle corresponda, terá carácter definitivo agás que o valor sinalado no imposto sobre bens inmobles non teña este carácter.

3. Tódalas liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso directo nas arcas municipais, utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 12.º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A redacción definitiva da presente Ordenanza Fiscal, foi aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o 29 de maio do 2001, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de que transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

De conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de referencia e a Ordenanza Reguladora da Taxa por Licencias Urbanísticas, poderá interpoñerse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita Xurisdicción.

Meira, a 31 de agosto do 2001.- O Alcalde, Rosendo Folgueira Valle.

R. 312740000004650

---

## PASTORIZA

*Edicto*

Habiendo quedado definitivamente aprobado por el Pleno de esta Corporación el expediente de modificación de créditos número 1 de 2001, dentro del vigente presupuesto municipal, por acuerdo adoptado en sesión celebrada el día 28 de julio de 2001, cuyo importe asciende a la cantidad de PESETAS SESENTA Y DOS MILLONES SETECIENTAS MIL (62.700.000), de acuerdo con lo preceptuado y en cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 158.2 en relación con el 150.3 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, se hace público que, después de dicho expediente, el resumen por capítulos del estado de gastos, del referido presupuesto queda de la siguiente forma:

| | | |
|---|---|---|
| Cap. 1.- Remuneraciones de personal | 51.711.765 | ptas. |
| Cap. 2.- Compra de bienes corrientes y de servicios | 63.200.000 | " |
| Cap. 3.- Intereses | 3.700.000 | " |
| Cap. 4.- Transferencias corrientes | 13.900.000 | " |